

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003 (relacionado co expediente 2024/A008/000020)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES

Visto o expediente que se tramita para a selección, por oposición de 1 enxeñeiro/a de montes, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 206/2024 de 02/05/2024, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2024-4097 (enxeñeiros/as de montes), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 10/05/2024 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de enxeñeiro/a de montes, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
314	Gorgoso Varela, José Javier	ADMITIDO
690	Ruso Somoza, Patricia	ADMITIDA

Segundo.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, funcionario do Concello de Rois

Vogais:

Titular: Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Suplente: Francisco Javier Ulloa Arias, funcionario do Concello de Santa Comba

Titular: Begoña Collazo Ortega, funcionaria do Concello de Rois

Suplente: Leopoldo Moure Dopico, funcionario do Concello de Silleda

Titular: Inmaculada Seage Freire, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Suplente: Severino Abalo Chouza, funcionario da Administración Local

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro

Suplente: Marta Oviedo Creo, funcionaria do Concello de Boiro

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 enxeñeiro/a de montes para a súa constitución o día 23/05/2024, ás 08:30 horas, na Casa do Concello de Dodro.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes, ás 09:00 horas do día 23/05/2024, na Casa do Concello de Dodro.

Quinto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 4.

Sexto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*